

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NEVES, AS

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

CONVOCATORIA BASES REGULADORAS PARA O CONCURSO-DESFILE DE CARROZAS DO ENTROIDO 2018

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA QUE REXERÁN O CONCURSO-DESFILE DE CARROZAS DO ENTROIDO 2018

1.—OBXECTO

O obxecto das presentes bases é regular o concurso-desfile de carrozas de entroido que se celebrará nas Neves o vindeiro sábado 10 de febreiro de 2018.

2.—PARTICIPANTES

Poderán inscribirse para participar todas aquelas comparsas e/ou carrozas que cumpran os requisitos que se establecen nas presentes bases.

Só se poderá inscribir unha comparsa ou carroza por Asociación ou persoa.

No caso de participación de menores de idade, deberá acompañarse á solicitude unha autorización de participación asinada polos pais/nais ou titor/a dos/das menores, eximindo ao Concello de toda responsabilidade derivada deste incumprimento.

Modalidades:

Comparsas ou carrozas: poderán participar as comparsas e carrozas que teñan un mínimo de 15 participantes. Non hai dimensións mínimas para as carrozas.

3.—REQUISITOS

- Mínimo de 15 participantes por comparsa ou carroza.
- Unidade temática no seu vestiario.

4.—INSCRICIÓN

Todos/as os/as que desexen participar no desfile deberán inscribirse no Rexistro do Concello das Neves, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:30 horas, dende o día seguinte ao da súa publicación no BOP de Pontevedra, ata o xoves día 8 de febreiro.

Tódalas solicitudes presentadas fóra deste prazo non terán dereito a premio por participación.



Luns, 29 de xaneiro de 2018

Núm. 20

O Concello resérvase o dereito a reducir ou ampliar o prazo de inscrición.

Para facer a inscrición, deberase achegar:

1.—Modelo de solicitude

2.—Relación de participantes (nome, idade e documento de identidade)

3.—Autorización de participación dos/as menores de idade.

4.—Se levan algún vehículo, documentación do mesmo (ITV e recibo de seguro). O conductor deberá estar en posesión de permiso de circulación en vigor.

5.—C.I.F. da asociación de ser o caso.

5.—HORARIO, PERCORRIDO E ORDE NO DESFILE

O desfile de carrozas será o sábado 10 de febreiro de 2018.

O horario de saída será as 18:00 hs. Saírase a partir da rotonda do antigo Montesol, na estrada municipal. O desfile percorrerá as rúas Entrecíns e Marquesa do Pazo para finalizar na Praza Maior.

O Concello resérvase o dereito a modificar o día, a hora e o percorrido do desfile.

A orde das carrozas e comparsas participantes no desfile será decidida polo Concello.

6.—PREMIOS

Establecense dúas modalidades:

1.—Premios á Participación

Carrozas/comparsas de 15 a 25 membros: vale para compras nas Neves, por importe de 100 €, nos establecementos comerciais do término municipal de As Neves.

Carrozas/comparsas de máis de 25 membros: vale para compras nas Neves por importe de 150 € nos establecementos comerciais do término municipal de As Neves.

Entregaranse premios a todas as comparsas ou carrozas ata que se esgote orzamento de 700 euros da partida orzamentaria 338.481 do Concello das Neves, por rigurosa orde de inscrición.

2.—Premios ao mellor disfraz individual, para as seguintes categorías e cos importes que se realacionan:

2.1 Mellor disfraz orixinal infantil, ata 15 anos: 30 euros.

2.2 Mellor disfraz orixinal maiores de 15 anos: 30 euros.



Luns, 29 de xaneiro de 2018

Núm. 20

O gasto total neste apartado será de 60 euros, que se aplicará na partida orzamentaria 338.481.

O día do desfile entregarase un xustificante do premio, que terá que ser remitido totalmente cuberto ao Concello, para poder éste proceder á entrega do vale. A entrega dos xustificantes dos premios no Concello, e expedición dos vales, deberá facerse antes de 30 días naturais, contados a partir do día do desfile. De non cumprir este prazo, entenderase a renuncia a dito premio.

7.—COMPOSICIÓN DO XURADO

O Xurado, estará formado pola Concelleira de Cultura, ou persoa en quen delegue, e por unha persoa designada por cada unha das comparsas participantes. A elección realizarase no mesmo día do desfile e comunicarse no propio acto. Actuará como secretario/a unha persoa designada polo Concello que terá voz pero non voto.

8.—PROMOCIÓN E DIFUSIÓN

O Concello resérvase o dereito de captación e difusión de imaxes do desfile para fins de publicidade e promoción.

9.—ACEPTACIÓN DAS BASES

A participación no concurso implica a aceptación plena das presentes bases. En todo momento as persoas participantes deberán cumprir coas indicacións da organización.

10.—PUBLICIDADE

As presentes bases estarán publicadas no B.O.P., no taboleiro de anuncios do Concello, páxina web do Concello e a súa sede electrónica, e farase referencia as mesmas na cartelería e nos medios de comunicacións habituais. O prazo de inscrición comeza o día seguinte da publicación destas bases no B.O.P. Ao mesmo tempo estarán a disposición de todos os participantes no momento de inscrición no desfile.

En As Neves na data sinalada á marxe deste documento asinado electrónicamente.

O Alcalde-Presidente

Asdo.: Xosé Manuel Rodríguez Méndez



Luns, 29 de xaneiro de 2018

Núm. 20

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO DESFILE DE ENTROIDO 2018 DAS NEVES

D/Dna., con DNI. Núm., en representación da asociación/agrupación, con enderezo para as notificacións en con teléfono núm.

SOLICITA

A inscrición da carroza ou comparsa (nome da carroza ou comparsa) no Desfile de Entroido 2018 do Concello das Neves.

A comparsa conta con membros.

A carroza ten unhas dimensións de(longo) x(ancho) x(ancho) metros.

Documentación que se achega:

1.—Relación de participantes (modelo oficial). Nomear conductor/a se hai vehículo.

2.—Autorización para participación de menores (no seu caso).

3.—Copia do CIF da Asociación

4.—No caso de empregarse vehículos nas carrozas

* ITV do vehículo

* Seguro do vehículo

* Fotocopia da documentación do vehículo

As Neves, de febreiro de 2018.



Luns, 29 de xaneiro de 2018

Núm. 20

RELACION DE PARTICIPANTES

D/Dna....., con D.N.I. núm., en representación da asociación/agrupación

MANIFESTA

Que a dita comparsa/carroza conta cos seguintes membros:

- 1.—D/Dna. D.N.I.....idade.....
- 2.—D/Dna. D.N.I.....idade.....
- 3.—D/Dna. D.N.I.....idade.....
- 4.—D/Dna. D.N.I.....idade.....
- 5.—D/Dna. D.N.I.....idade.....
- 6.—D/Dna. D.N.I.....idade.....
- 7.—D/Dna. D.N.I.....idade.....
- 8.—D/Dna. D.N.I.....idade.....
- 9.—D/Dna. D.N.I.....idade.....
- 10.—D/Dna..... D.N.I.....idade.....
- 11.—D/Dna..... D.N.I.....idade.....
- 12.—D/Dna..... D.N.I.....idade.....
- 13.—D/Dna..... D.N.I.....idade.....
- 14.—D/Dna..... D.N.I.....idade.....
- 15.—D/Dna..... D.N.I.....idade.....

MODELO DE AUTORIZACIÓN PARA MENORES DE IDADE

D/Dna.....,con D.N.I núm.....pai/nai/titor/titora de, con D.N.I.

AUTORIZA A:

....., a participar no desfile de entroido 2018 das Neves que terá lugar o sábado 10 de febreiro de 2018, formando parte da carroza/comparsa

En As Neves de febreiro de 2018

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.es/verificacion-csv>
Código seguro de verificación:41LM002YZPEIS0QW

